

## Recomendacións para o traballo na casa.

Estamos nunha situación nova e complicada para todos.

É importante ter en conta o que nenos e nenas están sentido, como o están vivindo ou afrontando. A actitude que nós, os adultos, amosemos será definitiva para axudarlles a transitar estes días tan confusos.

Por iso, moitas das actividades que vos propoño van na liña do xogo, da investigación, do pensamento. Para mantelos entretidos mentres van aprendendo cousas sobre o mundo que os rodea.

Para realizar as actividades que vos propoño podedes utilizar unha libreta que teñades por casa, onde apuntarán a materia e a actividade que van a realizar.

As fichas en formato .pdf podedes imprimilas, pero se non tedes medios ao voso alcance para facelo, utilizaremos a libreta da mesma maneira, apuntando materia e exercicio.

O ideal sería que estas actividades se fosen repartindo ao longo dos días.

E recórdovos que todo este traballo é revisable, pero non avaliable, co cal prérovos que non supoña unha carga para os cativos e cativas, que o fagan como algo entretido, non como unha imposición. E que aproveiten para facer cousas que lles gusten (debuxar, escoitar música, bailar, ler,...)

Segundo vaia evolucionando a situación, valoraremos as accións que sexan precisas.

Mentres tanto, podedes poñervos en contacto comigo na seguinte dirección de correo electrónico:

[mestra.mariagm@gmail.com](mailto:mestra.mariagm@gmail.com)

Moito ánimo para todas e todos.

María.

